



CONCELLO  
DE NOIA



## **XXI CARREIRA PEDESTRE POPULAR DE NOIA**

O **Concello de Noia** coa colaboración do **Clube Atletismo Noia (CAN)** organizan conxuntamente a XXI edición da súa Carreira Pedestre Popular o **sábado 2 de setembro de 2017** na localidade de **Noia** baixo o control técnico da Federación Galega de Atletismo (Delegación en Santiago). Esta proba formará parte do **V CIRCUITO PROVINCIAL DE CARREIRAS POPULARES DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA** e se rexirá polo seguinte:

### **REGULAMENTO**

1. Poderán participar atletas federados e non federados, haberá unha sola clasificación conxunta. O control técnico das probas estará a cargo do Comité de Xuices da Federación Galega de Atletismo.

#### **2. CATEGORÍAS E DISTANCIAS DOS PARTICIPANTES:**

<b>CATEGORÍA</b>	<b>ANOS DE NACEMENTO</b>	<b>DISTANCIAS</b>
<b>CHUPETE*</b>	nados/as en 2013 e posteriores	250 metros aprox.
<b>PITUFO*</b>	nados/as en 2010-2011-2012	350 metros aprox.
<b>BENXAMIN</b>	nados/as en 2008-2009	1000 metros aprox.
<b>ALEVIN</b>	nados/as en 2006-2007	1000 metros aprox.
<b>INFANTIL</b>	nados/as en 2004-2005	3000 metros aprox.
<b>CADETE</b>	nados/as en 2002-2003	3000 metros aprox.
<b>XUVENIL</b>	nados/as en 2000-2001	3000 metros aprox.
<b>JUNIOR</b>	nados/as en 1998-1999	8 km aprox.
<b>PROMESA</b>	nados/as en 1995-1996-1997	8 km aprox.
<b>SENIOR</b>	nados/as entre 1983 e 1994	8 km aprox.
<b>VETERANOS/AS 1</b>	nados/as entre 1978 e 1982	8 km aprox.
<b>VETERANOS/AS 2</b>	nados/as entre 1968 e 1977	8 km aprox.
<b>VETERANOS/AS 3</b>	nados/as entre 1958 e 1967	8 km aprox.
<b>VETERANOS/AS 4</b>	nados/as en 1957 e anteriores	8 km aprox.

\*As categorías **CHUPETE** e **PITUFO** non son categorías federadas.

### 3. HORARIO DAS PROBAS

Todos os participantes deberán colocarse na liña de SAÍDA 5 minutos antes do inicio de cada proba, sita a mesma na Alameda de Noia e a carón da Casa do Concello.

HORA	CATEGORÍA
21:00 h	<b>Chupete</b> (250 metros aprox.)
21:07 h	<b>Pitufu</b> (350 metros aprox.)
21:15 h	<b>Benxamín e Alevín</b> (1000 metros aprox.)
21:30 h	<b>Infantil, Cadete e Xuvenil</b> (3000 metros aprox.)
22:00 h	<b>Junior ,Promesa,Senior e Veteranos</b> (8 km aprox.)
23:15 h	<b>ENTREGA DE PREMIOS (ALAMEDA)</b>

4. As **INSCRICIONS DAS PROBAS ESCOLARES (de chupete a xuvenil)** realizarase a través da web [www.emesports.es](http://www.emesports.es) rellenando os datos indicados no formulario de inscrición online.

As **INSCRICIONS DA PROBA DE ADULTOS (de JUNIOR en adiante)** realizaranse tamén a través da web [www.emesports.es](http://www.emesports.es). Establecerase un prezo de inscrición de **5 €** por participante que poderán formalizar a través da pasarela de pago na propia web.

O prazo de inscrición rematará o **mércores 30 de agosto ás 23:00 horas**. **NON SE ADMITIRÁN INSCRICIÓN FORA DO PRAZO ESTABLECIDO.**

Os dorsais de competición recolleranse na zona da Alameda, a carón da SAIDA das probas ata media hora antes do inicio de cada proba. Teléfono de información: **981 842 100**.

**Os atletas da categoria xuvenil que desexen tomar parte na proba absoluta (8 km aprox.) deberán comunicalo previamente no correo electrónico [FGAsantiago@gmail.com](mailto:FGAsantiago@gmail.com) onde se lle indicará como deben proceder.**

### 5. TROFEOS E PREMIOS EN METÁLICO

Estableceranse os seguintes prêmios:

- Tres primeiros clasificados masculinos e femininos da carreira absoluta.
- Tres primeiros clasificados de cada categoria tanto masculinos como femininos.
- Primeiro atleta local clasificado da carreira absoluta, tanto masculino como feminino.

Os trofeos non serán acumulativos, agás o do atleta local.

**Tamén haberá trofeo para os 3 primeiros clubs da clasificación final.**

Na clasificación por equipos puntuarán os 6 primeiros atletas de cada clube, dándolle 1 punto ao 1º, 2 puntos ó 2º, etc ... o clube que menos puntos acade será o vencedor. O empate resolverase segundo o disposto na normativa da IAFA. Para poder obter a este prêmios os equipos deberán estar federados en atletismo, feito que deberán xustificar así como a composición de cada equipo, co certificado federativo ou da delegación correspondente no seu defecto.

Nas categorías **CHUPETE** e **PITUFO** daranse medalla a todos os participantes. **Non haberá trofeos para estas categorías nin se farán clasificacións.**

### **PREMIOS EN METÁLICO**

**CARREIRA ABSOLUTA** (JUNIOR, PROMESA, SENIOR e VETERANAS/OS A/B/C).

### **PREMIOS INDIVIDUAIS**

---

<b>1º Clasificado:</b>	<b>300 €</b>	<b>1ª Clasificada:</b>	<b>300 €</b>
<b>2º Clasificado:</b>	<b>175 €</b>	<b>2ª Clasificada:</b>	<b>175 €</b>
<b>3º Clasificado:</b>	<b>125 €</b>	<b>3ª Clasificada:</b>	<b>125 €</b>

Os premios en metálico serán aboados por transferencia bancaria con posterioridade ás probas. Para elo tódolos atletas e clubes gañadores dos mesmos deberán acreditar a súa identidade coa presentación do **DNI, carnet de conducir** ou **pasaporte** e deberán aportar o seu nº de conta.

- Os atletas da carreira absoluta correrán cun **CHIP** que lle será entregado no momento da recollida do dorsal. Todo atleta que chega a liña de meta sen o seu dorsal ou non o leve colocado de xeito visible na zona anterior do corpo será automaticamente descualificado.
- Nesta proba a participación de atletas extranxeiros e de outras federacións autonómicas rexirase de acordo co disposto no artigo 3.4. do "**Reglamento para las competiciones de la temporada de campo a través, marcha, carreras en carretera, y reuniones de pista cubierta y aire libre**" da tempada 2016-2017. Máis información de esta norma no ligazón:

[http://www.rfea.es/normas/pdf/reglamento2017/03\\_reglamento\\_comp.pdf](http://www.rfea.es/normas/pdf/reglamento2017/03_reglamento_comp.pdf)

- Haberá dous puntos de avituallamento:** un situado aproximadamente a metade de percorrido, e outro situado na liña de meta.

9. Habera servizo de duchas no polideportivo municipal de Noia disposición de tódolos atletas ó finalizar as probas. Tódolos atletas que logren concluir a proba recibirán unha camiseta conmemorativa do evento.
10. As reclamacións ós resultados oficiais deberán formularse verbalmente ó xuíz árbitro da Competición non máis tarde de 30 minutos despois da publicación dos mesmos.
11. Todo o non previsto no presente regulamento, resolverase de acordo cos regulamentos da FGA e RFEA en vigor para probas en ruta.

**NOTA:** Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día de ranking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avda. de Glasgow 13 15008 A Coruña.

**Máis información nas páxinas web:**

- [www.carreirasgalegas.org](http://www.carreirasgalegas.org)
- [www.atletismogalego.org](http://www.atletismogalego.org)
- [www.fgatletismo.com/santiago](http://www.fgatletismo.com/santiago)
- [www.noia.es](http://www.noia.es)
- [www.emesports.es](http://www.emesports.es)